galicia

Os Camiños de Santiago
en Galicia

O Camiño Inglés

XUNTA DE GALICIA

EDITA
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
Departamento de Promoción Turística e Cultural. S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. Juan Pensado Barbeira.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Equipo Publicidad.

FOTOGRAFÍA
Arquivo S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

TEXTOS
Quique Alvarellos.

DOCUMENTACIÓN
Fe Arca, Coroni Rubio, Pilar Cuiña, Purificación Fariña, Sandra Pazos, Juan Pensado.

FONTES
Departamento técnico S.A de Xestión do Plan Xacobeo, Federación gallega de Amigos del Camino de Santiago, Mundicamino.

DEP. LEGAL: C 1879-2012

O camiño de Santiago

BREVE INTRODUCIÓN AO CAMIÑO

O descubrimento da tumba do apóstolo Santiago o Maior, arredor dos anos 820 e 830, nun bosque chamado Libredón e onde hoxe se alza a magna catedral compostelá, constitúe un dos acontecementos máis importantes da Idade Media en Europa. A noticia da aparición dos restos de Santiago percorrerá veloz o continente e logo xurdirá, de forma espontánea, o fenómeno das peregrinacións.

O obxectivo é render culto no seu sepulcro a un dos discípulos predilectos de Xesús, Santiago, primeiro mártir da cristiandade, decapitado en Xerusalén sobre o ano 44. Varios documentos datados a partir do século VI sitúan a peregrinación do Apóstolo en Hispania entre os anos 33 e 42. E a este territorio quixérono traer os seus discípulos trala súa morte. Decidiron enterralo moi preto da maxia e do misterio do *Finis Terrae*, a fin do mundo da súa época.

A descuberta dese sepulcro romano, case oito séculos despois, marcaría o inicio dun culto que converteu o Camiño en verdadeira columna vertebral de Europa e a cidade de Santiago de Compostela e a súa catedral nun dos tres grandes centros de peregrinación da cristiandade, xunto con Roma e Xerusalén.

Polo Camiño de Santiago non só transitan cada ano un fluxo de xentes de diversas nacionalidades que se incrementa nos Anos Santos —cando o 25 de xullo coincide en domingo e é posible gañar o Xubileo, unha Indulxencia Plenaria ou perdón dos pecados, que outorga a Igrexa—, senón que tamén foi unha "autovía do coñecemento": un ente difusor dos grandes movementos culturais e artísticos que ían xurdindo por Europa —o románico, por exemplo, un estilo arquitectónico que naceu no Camiño a Compostela— e tamén foi unha demostración incomparable da solidariedade humana.

Pero o Camiño é aínda máis: camiñar cara ao oeste por unha ruta con 1.200 anos de histo-

ria e deixar atrás hábitos e rutinas é hoxe, como nos albores da peregrinación, unha conxunción de sacrificio e recompensa que transforma a quen o experimenta polo menos unha vez na vida.

O itinerario comeza en distintos puntos de Europa. En Francia confluén as rutas que proceden de Italia ou do leste do Continente (entre outros moitos lugares de Europa). Penetra en España polos Pireneos e desde Puente la Reina (Navarra) é xa unha vía única, o coñecido como Camiño Francés, que percorrerá todo o norte do país ata Santiago de Compostela.

Este camiño —descrito xa no século XII no Codex Calixtinus— entra en Galicia polo alto do Cebreiro e é o itinerario de referencia, pero non o único nin o máis antigo. En realidade, son dez as rutas de peregrinación que se foron fixando ao longo da historia. A máis antiga, diciamos, é o chamado Camiño Primitivo; xunto a este, o Camiño do Norte —ambos entran en Galicia por Asturias—, o Inglés —cos portos da Coruña e Ferrol como referencia—, o Portugués e a súa variante de Portugués pola Costa, o Camiño do Sueste - Vía da Prata —desde o suroeste de España—, o Camiño de Fisterra-Muxía —que prolonga a peregrinación ata o *Finis terrae*—, a Ruta do Mar de Arousa e Ulla —que rememora o itinerario polo que, segundo a tradición, chegaron en barco a Galicia os restos do apóstolo—. E, finalmente, o Camiño de Inverno —ruta alternativa aos fríos cumios das montañas luguesas do Cebreiro—

A meta é Santiago de Compostela. Capital da Comunidade Autónoma de Galicia. A súa zona monumental foi declarada pola UNESCO Patrimonio da Humanidade en 1985. En 1987 o Consello de Europa recoñeceu o Camiño de Santiago como Primeiro Itinerario Cultural Europeo, e no Ano Santo de 1993 o propio Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da Humanidade.

No 2011, a catedral celebrou o 800 aniversario da súa consagración. Fronte a ela, na praza do Obradoiro, cada camiñante entende que "a meta é o camiño" e leva gravado desde este momento, perante o maxestoso Pórtico da Gloria, un berro de ánimo que desde os tempos medievais axuda sempre a seguir adiante: Ultreia!

Historia dos Camiños de Santiago e da peregrinación xacobea en Europa, España e Galicia

Para entender a rápida consolidación de Santiago como centro de peregrinación internacional (séculos IX ao XII) debemos citar a unión de forzas e intereses que, a favor de Compostela, levaron a cabo os principais centros de poder occidental: a coroa (desde Afonso II a Afonso VII ou Sancho Ramírez), o papado (Calixto II ou Alexandre III) e as ordes monacais (as abadías de Cluny e o Císter). Así escribirá o Camiño a súa historia milenaria:

Cando se descobren os restos do Apóstolo (século IX) reina no noroeste peninsular (denominado Reino de Asturias) Afonso II. El é o primeiro gran valedor. Criárase no mosteiro de Samos e recibe con entusiasmo a nova do bispo de Iria, Teodomiro: un eremita de nome Paio localizou, nun bosque, as ruínas dun primitivo enterramento. Esta aparición confirma unha arraigada tradición popular que mesmo documentaran os monxes Beda o Venerable e Beato de Liébana. Pero faltaban estas probas. O rei Afonso II visita o lugar e manda edificar unha modesta igrexa, que logo reconstruirá Afonso III (ano 899). Estamos na orixe da actual catedral e da cidade de Santiago. O culto a Santiago comeza con forza no Reino ástur-galaico e obtén, máis aló dos Pireneos, unha rápida resposta popular.

Pero un 10 de agosto do ano 997 o caudillo árabe Almanzor, primeiro ministro do califato de Córdoba, arrasa a cidade, rouba as campás da súa basílica e só respecta o "lugar santo", os restos de Santiago. Sobre eles, deberá renacer Compostela. O símbolo de Santiago é xa demasiado forte para sucumbir: representa unha unidade identitaria e unha forza común (espiritual e guerreira) para loitar contra a invasión islámica: a Reconquista.

A época de ouro das peregrinacións sitúase entre os séculos XI ao XIII: Francia, Italia, centro e leste de Europa, Inglaterra, Alemaña,

mesmo Islandia. E, por suposto, toda a Hispania. Chegaban a pé, a cabalo, en barco… e eran asistidos principalmente por unha rede de hospitais de Cluny e o Císter que foi o verdadeiro sostén do espírito xacobeo.

O primeiro Ano Xubilar ou Ano Santo (cando o día de Santiago, o 25 de xullo, coincide en domingo) remóntase, aproximadamente, ao ano 1428 (celébrase, desde entón, segundo o calendario, cada 6, 5, 6 e 11 anos).

Pero chegados ao século XVI, as cousas cambian. Con Lutero conclúe a unidade relixiosa de Occidente, a ruta vese ameazada pola presenza de delincuentes e as guerras que asolan Europa obrigan a pechar fronteiras, o peor dos obstáculos para ese río humano que son as peregrinacións. Francia —país xacobeo por excelencia— vive a súa Revolución en 1789, e en España a Igrexa irá perdendo poder e influencia. O mundo xa é outro.

Non obstante, no século XIX dous feitos reactivarán o espírito xacobeo. O Romanticismo inglés descobre na catedral e no seu Pórtico da Gloria un mundo de beleza e misterio. Por outro lado, un feito fundamental: en 1879 prodúcese o redescubrimento dos restos do Apóstolo. Acontece que trescentos anos antes (1589) o arcebispo Sanclemente agocháraos perante a ameaza do corsario inglés Francis Drake, e foi tal o seu coidado que ninguén os volvería atopar ata finais do século XIX. Unhas escavacións arqueolóxicas tráeos á luz e, tras elas, o retorno —modesto, primeiro— das peregrinacións. Pero cumpriría agardar aínda un século para o rexurdir do Camiño, tras un primeiro terzo do século XX marcado en España por unha cruenta guerra civil e 40 anos de ditadura.

No ano 1982 Xoán Paulo II visita Santiago de Compostela ataviado como peregrino. En 1993 (outro Ano Santo) o Goberno de Galicia pon en marcha o Plan Xacobeo, seguido do 1999, 2004 e 2010. Hoxe, como nos tempos medievais, millóns de peregrinos camiñan de novo a Compostela. É unha forma distinta de peregrinación, pero non nega a tradicional senón que sumou a ela os anhelos e motivacións das sociedades contemporáneas.

A cidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela naceu dun bosque, o Libredón, onde se sitúa a aparición dos restos do Apóstolo. Hoxe, a cidade é centro de peregrinación internacional, capital da Comunidade Autónoma de Galicia e sede dunha prestixiosa universidade con cinco séculos de historia. Compostela é, tamén, cos seus 93.000 habitantes censados, ese bosque de pedra granítica sobre o que se foi trazando a urbe medieval, e un bosque en verde, de centenarias carballeiras como a de Santa Susana, alzada no centro da Alameda.

Pola súa pedra labrada, Santiago é Patrimonio da Humanidade desde 1985; polas súas zonas verdes é unha das cidades de España con máis metros cadrados de parques e xardíns por habitante, rodeada pola poesía dos ríos Sar e Sarela.

O núcleo é a Praza do Obradoiro. Aquí converxen todos os Camiños. E desde ela, fronte á catedral, emana toda a forza e a beleza de máis de mil anos de historia e tradición. O Obradoiro é unha harmonía de estilos, épocas e pedra sublimada: á fronte, a fachada barroca da basílica e o pazo románico de Xelmírez; á esquerda, o Hostal dos Reis Católicos (antigo Hospital de Peregrinos), renacentista; á dereita, o pórtico medieval do Colexio San Xerome (hoxe, Reitorado da USC) e, detrás, o neoclásico do Pazo de Raxoi,

actual sede do Concello e da presidencia da Xunta de Galicia. Unha paisaxe construída ao longo de oito séculos, pechada polo oeste polo monte Pedroso, que é todo un compendio da arte occidental.

A catedral foi exercendo a súa forza centrífuga. Ao seu arredor emerxe a cidade. En primeiro lugar, as outras tres prazas que rodean o monumento: Praterías (a preferida por músicos e artistas), a Quintana (antigo cemiterio) e a Inmaculada, co espectacular mosteiro de San Martiño Pinario, tamén os pazos que flanquean a Rúa do Vilar e a Rúa Nova, ou a porta de Mazarelos (a única en pé da antiga muralla) completan unha primeira visión. Xa máis fóra, o convento de San Francisco (coa homenaxe do escultor Asorey ao santo de Asís), o pazo de San Lourenzo (xunto a outro bosque de carballos), ou a románica Colexiata de Sar, coas súas incribles columnas inclinadas e os restos do seu claustro do século XII. Xunto a todos eles, as novas infraestruturas culturais que naceron ao amparo do novo peregrinar e de Santiago como capital da Autonomía. Entre elas: o Centro Galego de Arte Contemporánea (obra de Siza), contiguo ao Museo do Pobo Galego (onde Domingo de Andrade construíu a súa tripla escaleira de caracol); o magno Auditorio de Galicia ou a Cidade da Cultura, impresionante arquitectura deseño de Peter Eisenman e alzada no cumio do Monte Gaiás.

Pedra, bosque, historia, arte… e, finalmente, gastronomía. A cidade enteira, sobre todo pola rúa do Franco e arredores, é templo do bo comer. Desde grandes restaurantes a xenuínas tabernas, Santiago pode satisfacer —tamén neste terreo— todas as nosas expectativas.

A Catedral de Santiago

A catedral de Santiago é o resultado de máis de setecentos anos de construción, sucesión de estilos e ampliacións, e reformas continuadas. Na protohistoria do monumento cómpre citar as dúas igrexas prerrománicas, levantadas no século IX. A basílica que deu orixe á catedral que agora coñecemos iniciarase no ano 1075, en tempos de Diego Peláez, cun equipo integrado por cincuenta canteiros dirixidos polo mestre Bernaldo o Vello.

Non obstante, o grande impulso á obra chegaría algo despois, xa con Diego Xelmírez como arcebispo, persoa culta, cosmopolita, destacado promotor cultural e espiritual de Compostela. Á súa morte (1139-1140), a estrutura básica do monumento (cabeceira, altar maior, brazos do cruceiro e capelas radiais románicas) xa estaba levantada.

A catedral inspirarase nas grandes igrexas de Francia e nela poranse en práctica, xa desde os primeiros deseños, as técnicas máis avanzadas de arquitectura e escultura de Occidente.

É, por exemplo, a primeira igrexa románica europea en ter escultura monumental nas tres

fachadas: Obradoiro, Praterías e Paraíso (hoxe, Acibechería).

E será logo o Pórtico da Gloria a grande obra que situará a Basílica compostelá no cénit da arte románica europea: o peche polo oeste do monumento. O seu autor foi o mestre Mateo (arquitecto de probable orixe santiaguesa) e o seu equipo. Traballaron durante máis de corenta anos, de 1168 a 1211. E deixaron para a historia o gran poema en pedra que resume non só toda a arte medieval senón tamén a concepción do home e o universo do seu tempo, presentada nunha estrutura arquitectónica de tres plantas superpostas.

A última gran renovación da Catedral levouse a cabo a mediados do século XVIII. Tratábase de protexer o Pórtico de Mateo e, ao mesmo tempo, dotar a basílica dun peche cara ao Oeste consonte a magnitude do templo. Así xurdiu a fachada barroca, deseñada por Fernando de Casas Novoa, e concluída en 1750. O gusto barroco imperante dota a catedral dunha espectacular sensación de verticalidade, de elevación, xogando co vidro e a pedra como nunca se fixera ata entón. O Ano Santo 1784 marca o final das obras, coa inauguración da capela da Comuñón.

A basílica actual seduciranos, así mesmo, pola súa Torre do Reloxo ou "Berenguela" e, por suposto, é inexcusable a entrada (só en Ano Santo) pola Porta Santa. E, xa no interior, o abrazo ao Apóstolo, a baixada á cripta que garda os seus restos, a visita ao Panteón Real, a misa do peregrino que culmina co espectáculo do botafumeiro, e as súas capelas, desde a Maior (na cabeceira) á Corticela (puro románico) ou a do Salvador (a máis antiga). Ata gratas sorpresas como as escavacións arqueolóxicas que se abriron ao público a comezos do 2011, que nos permiten descender ao subsolo da catedral, onde emerxen os cemiterios tardorromano e medieval, e o asentamento que deu orixe ao monumento e á propia cidade de Santiago.

Gárdasme o segredo?

www.xacobeo.es

O Camiño Inglés

Chemin de Saint-Jacques
Santiago de Compostela
Weg zum heiligen Jakobus
SAINT JAMES WAY
www.saintjamesway.eu

XACOBEO galicia
www.xacobeo.es

XUNTA DE GALICIA